

MONUM

ANDAR CON ARTE

EN

DO 5 AO 27 DE AGOSTO
DE 2017

IA

XUNTA DE GALICIA

Edita e promove

Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Secretaría Xeral de Cultura

Coordinan

Sinsaludio
Tomos Conservación Restauración
Van Divulgación Cultural

Deseño

NUMAX

Imprime

Ezponda

Depósito legal

C 1118-2017

Coa colaboración dos concellos de: Santiago de Compostela,
Allariz, Chantada, Valga, Mondoñedo, Camariñas, Redondela,
Nogueira de Ramuín



MONUMENTA. ANDAR CON ARTE

Monumenta, andar con arte é un programa de actividades culturais que se desenvolve ao redor da acción de camiñar e da experiencia da andaina como a mellor e a máis antiga das maneiras de explorar e de vivir o territorio. Nesta edición, as andainas seguen os pasos de camiñantes ilustres que recolleron os seus saberes ou que atoparon a súa inspiración ao longo do territorio galego, como Domingo Fontán, Alan Lomax, Ruth Matilda Anderson ou Casto Sampedro.

O camiñar, como o respirar, revestiu de contido os nosos carreiros ao longo da historia, para configurar a paisaxe, os nosos relatos e vivencias. Coas explicacións dos camiñantes convidados, Monumenta achega outra mirada aos nosos camiños, nos que se erguen os edificios históricos relixiosos ou as primeiras instalacións da Revolución Industrial. Convidados expertos en diferentes áreas como a arquitectura, a arqueoloxía, a xeografía, a xeoloxía ou a arte, axudarannos a entender outras particularidades e valores dos diversos aspectos do patrimonio material e inmaterial de Galicia.

Con este ciclo de andainas, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia achégalle á cidadanía unha experiencia diferente de vivir e sentir o noso patrimonio, relacionando cada edificio co territorio e coa súa singularidade cultural e paisaxística.

www.cultura.gal
<http://monumentagalicia.com>



1.

Dous séculos do rostro de Galicia

**SANTIAGO DE
COMPOSTELA, A CORUÑA**
Sábado, 5 de agosto 10:30 h

•PUNTO DE ENCONTRO

Patio do Museo do Pobo Galego, San Domingos de Bonaval s/n, Santiago de Compostela.

Como chegar: localizado a 100 metros da Porta do Camiño, entrada á zona histórica de Santiago polo Camiño Francés. Nas proximidades presenta dificultades para o estacionamento libre; hai un amplo aparcadoiro privado a uns 100 m (r/ Ramón del Valle-Inclán).

•Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

A andaina segue os pasos dos lugares clave da vida e da obra do ilustrado galego Domingo Fontán (xeógrafo, matemático, político) na cidade compostelá: o Panteón de Galegos Ilustres, a Facultade de Xeografía e Historia, a praza da Quintana, o colexio de San Xerome e o claustro de Fonseca.

•MONUMENTA DIVULGA

A figura do insigne matemático e xeógrafo Domingo Fontán Rodríguez puxo a Galicia na vangarda da cartografía en España e nunha posición respectable diante dos traballos que se levaban a cabo en Europa polas principais escolas de xeodestas. Polifacético, recto e profesional, fixo da súa causa a defensa de Galicia. Foi perseguido polas súas ideas liberais, que mesmo lle supuxeron a perda da súa cátedra. Con todo, desenvolveu unha intensa actividade docente, científica e política na que o seu obxectivo principal era a mellora nas condicións de vida dos galegos. Santiago de Compostela foi a cidade clave da súa vida e obra.



•CAMIÑANTES CONVIDADOS

Juan López Bedoya, xeógrafo formado na Universidade de Santiago de Compostela.

Manuel Anxo Freire Boado, cartógrafo, que fará un transepto de medicións con distintos aparatos que recrearán parte do traballo científico de Domingo Fontán.

•••A ANDAINA

Hora de saída: 10:30 h

Hora de regreso

estimada: 14:00 h

Distancia: 5 km

Dificultade: baixa-media

Itinerario: comezará coa visita á igrexa de San Domingos de Bonaval. Seguiremos a andaina para visitar o parque das Ciencias. Posteriormente, encamiñáremos cara ao edificio da Facultade de Xeografía e Historia da USC. Desde alí dirixirémonos á praza da Quintana para centrarnos na torre da Berenguela. Seguidamen-

te achegáremos ata San Xerome e Fonseca, os edificios que centraron a antiga actividade docente universitaria. Sairemos da zona vella por Santa Isabel e comezaremos, daquela, unha ascensión ata o monte Pedroso.

Observacións: a primeira parte consiste nunha ruta urbana, e o segundo treito, que segue vías rururbanas e un camiño forestal, leva ata o cumio do monte Pedroso. A ruta non é circular, polo que o regreso deberá facerse andando, seguindo o camiño utilizado para a ascensión.

Necesidades específicas: calzado cómodo, chapeu, auga e un petisco.

Público destinatario: actividade axeitada para todos os públicos.

Inscripción previa: prazas limitadas a 75 persoas. Imprescindible inscrición, do 25 xullo ao 04 de agosto, na web: <https://monumentagalicia.com>. Admisión por orde de inscrición.

Máis: info@sinsalaudio.org e no teléfono 619 637 211.





2. Os cultos en Santa Mariña de Augas Santas

**SANTA MARIÑA DE AUGAS
SANTAS, ALLARIZ, OURENSE**
Domingo, 6 de agosto 11:00 h

•PUNTO DE ENCONTRO

Igrexa de Santa Mariña de Augas Santas, Allariz.

Como chegar: desde Allariz, hai que coller a estrada de Santa Mariña, cruzar a N-525 e tomar a provincial OU-0101 cara a Santa Mariña de Augas Santas.

•Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

No ano 1931, a contorna da igrexa de Santa Mariña foi declarada Monumento Histórico-Artístico,

e no ano 1963, a comarca tamén Conxunto Histórico-Artístico. Santa Mariña de Augas Santas constitúe un centro cultural desde hai máis de 2000 anos, no que conflúen os restos arqueolóxicos e históricos, a toponimia e a memoria oral dos veciños da parroquia de Augas Santas, elementos que discorren en dúas direccións, vinculados á orixe castrexa da cripta e á cristianización do territorio. Estes aspectos quedaron plasmados, dalgún xeito, na secuencia cronolóxica do conxunto.

•MONUMENTA DIVULGA

Neste lugar maniféstase a idea de «apropiaciónismo» daqueles lugares de culto pagán vinculados á tradición popular, que foron incorporados polo Cristianismo á nova espiritualidade. A lenda de Santa Mariña ratifica a importancia do lugar e o asentamento e a materialización da mesma na xeografía da parroquia. Así, o outeiro no que asenta o castro recibe tamén o nome de Outeiro dos Pendós, con motivo da procesión que se celebra o día de Santa Mariña, que remata neste lugar, onde se colocan os pendóns nos buratos practicados nas rochas para este efecto. Do mesmo xeito, ao noroeste da basilica da Ascensión atópanse as pias nas que se di que san Pedro mergullou a santa tras salvarla do lume.

•CAMIÑANTES CONVIDADOS

Rebeca Blanco-Rotea e Patricia Mañana Borrazás participaron no estudo do conxunto realizado por LAPA-CSIC: o levantamento

topográfico con láser-escáner e a lectura estratigráfica de alzados da basílica da Asunción e do forno da Santa, no conxunto de Santa Mariña de Augas Santas.

•••**A ANDAINA**

Hora de saída: 11.00 h

Hora de regreso estimada: 14.00 h

Distancia: 5 km

Dificultade: media-baixa

Itinerario: visita á igrexa de Santa Mariña. A continuación, andaina con percorrido circular, na que pasaremos pola basílica/forno, penedo da Moura, Piouca da Santa, castro de Armeá, conxunto rupestre do monte do Señoríño e Armeá.

Observacións: camiños por bosques autóctonos, con descensos —e ascensos— longos e suaves.

A entrada á basílica/forno faise por unhas escaleiras estreitas, húmidas e con forte desnivel. Non é aconsellable para persoas con problemas de mobilidade.

Necesidades específicas: calzado cómodo, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

Entrada aos monumentos: a visita á basílica/forno farémola por grupos reducidos.

Público destinatario: actividade axeitada para todos os públicos, agás a entrada á basílica/forno.

Inscripción previa: prazas limitadas a 125 persoas. Imprescindible inscrición, do 25 xullo ao 04 de agosto, na web: <http://monumentagalicia.com>. Admisión por orde de inscrición.

Máis: info@sinsalaudio.org e no teléfono 619 637 211.





3. Os morcegos de Santa María de Pesqueiras

**STA. MARÍA DE PESQUEIRAS,
CHANTADA, LUGO**
Sábado 12 de agosto 11:00 h

•PUNTO DE ENCONTRO

No descenso ao encoro de Belesar, atopamos un casa de madeira abandonada e, a continuación, un sinal que indica o comezo da ruta a Santa María de Pesqueiras. Ese será o lugar de encontro. A zona de aparcamento é escasa e hai que aproveitar a beirarrúa.

Como chegar: en Chantada, desde a avenida de Monforte (LU-533), hai que coller pola rúa de Portomarín e a avenida de Lugo. Despois, a LU-P-1802 en

dirección Pesqueiras e, a continuación, o desvío pola provincial LU-P-1811 en dirección ao pazo do Piñeiro. Ao pasar o pazo, vírase á esquerda cara ao encoro de Belesar.

•Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

A igrexa de Santa María de Pesqueiras constitúe un exemplo de conservación compartida entre o patrimonio cultural e o patrimonio natural. No curso da restauración da pintura mural do presbiterio, constatouse que a igrexa se convertera no fogar de centos de morcegos que aniñan no teito da nave. Ao ser unha especie protexida, e coa particularidade de que a igrexa non ten culto, decidiuse que era posible compartir o espazo, de xeito que un gran pano de malla fina separa as pinturas murais do resto da igrexa.

•MONUMENTA DIVULGA

A igrexa de Santa María de Pesqueiras atópase á beira do camiño medieval de Belesar a Chantada, no medio dun bosque de castiñeiros e carballos centenarios que crea unha contorna propia, territorial e natural. As pinturas murais conservadas no presbiterio, realizadas no século XVI, onde se representa a anunciación a María, a resurrección de Cristo e o xuízo final están consideradas unhas das máis fermosas de toda a Ribeira Sacra. Pero, ademais, ao atractivo da arquitectura románica da igrexa e das súas pinturas murais

únese o interese pola vida dunha colonia de morcegos aos que nos achegaremos neste extraordinario exemplo de convivencia arredor dun Ben de Interese Cultural e doutro ben protexido: os morcegos en Galicia, a súa importancia na dinámica dos ecosistemas e a vulnerabilidade das súas poboacións.

•**CAMIÑANTES CONVIDADOS**

María Abuín Fernández, da empresa Máis que Románico, que realiza visitas guiadas e rutas na Ribeira Sacra.

Marta Becerro Manso, da empresa Tomos, restauradora especialista en pintura.

Roberto Hermida, da asociación Drosera para o Estudo e Conservación do Medio Natural, bo coñecedor da vida dos morcegos.

•••**A ANDAINA**

Hora de saída: 11.00 h

Hora de regreso

estimada: 14.00 h

Distancia: 3 km

Dificultade: baixa

Itinerario: visita a Santa María de Pesqueiras, faladoiro no interior da igrexa e, despois, andaina polos bosques e viñedos da Ribeira Sacra con fermosas vistas ao río Miño.

Observacións: camiño e pista de montaña. Perfil irregular, con ascensos e descensos continuos.

Necesidades específicas: calzado cómodo, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

Público destinatario: actividade axeitada para todos os públicos.

Inscripción previa: prazas limitadas a 125 persoas. Imprescindible inscrición, do 03 de agosto ao 10 de agosto, na web: <http://monumentagalicia.com>. Admisión por orde de inscrición.

Máis: info@sinsalaudio.org e no teléfono 619 637 211.





4.

A Valga romana

VALGA, PONTEVEDRA

Domingo 13 de agosto 10:00 h

•PUNTO DE ENCONTRO

Colexio de Educación Primaria Xesús Ferro Couselo.

Como chegar: pola estrada PO-548 (Pontecesures-Vilagarcía), débese coller o desvío (ben sinalizado) ao Ximnasio Municipal e Xacemento arqueolóxico de Igrexa Vella, e xa se encontra o colexio público. Coordenadas: 42°41'26.2"N 8°40'59.3"W. Aparcadoiro amplo.

•Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

O río Ulla serviu de vía de entrada e saída, non só de produtos comerciais, senón tamén de intercambios culturais. Nesta andaina, achegarémonos á época romana desde os últimos achados arqueolóxicos, pero tamén ao rastrexar as influencias culturais que permaneceron ata a Valga actual. As augas do Ulla, os xacementos de Mercado dos Mouros, antigo porto comercial datado no século IV, e de Igrexa Vella, cos restos da edificación que estivo activa desde a época romana ata o século XVIII, serán as principais testemuñas que nos mostrarán unha visión única deste territorio.

•MONUMENTA DIVULGA

Veremos paraxes naturais como a ribeira do Ulla ou a maior lagoa (de orixe non natural) da provincia de Pontevedra, xacementos arqueolóxicos e antigos métodos de traballo, herdados e optimizados, que serviron e condicionaron o desenvolvemento da contorna.

•CAMIÑANTE CONVIDADO

Santiago Chenlo Campos é licenciado en historia da arte pola USC, responsable do Museo da Historia de Valga.

•••A ANDAINA

Hora de saída: 10:00 h

Hora de regreso

estimada: 14:00 h

Distancia: 11 km

Dificultade: baixa

Itinerario: ruta circular que parte do CEP Xesús Ferro Couselo. A primeira parada no miradoiro de Beiro daranos unha panorámica do val formado polo río Ulla. Camiñaremos ata o xacemento de Mercado dos Mouros onde falaremos dos intereses da antiga Roma por este territorio. Será no antigo porto de vagonetas e na lagoa de Mina Mercedes onde visualizaremos as relacións do ser humano co medio. Para finalizar, o

xacemento arqueolóxico de Igrexa Vella desvelaranos as pegadas que alí deixou o paso dos séculos.

Necesidades específicas: calzado cómodo, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

Entrada aos monumentos: zonas de libre acceso exteriores.

Público destinatario: actividade axeitada para todos os públicos.

Inscripción previa: prazas limitadas a 100 persoas. Imprescindible inscrición, 03 de agosto ao 10 de agosto, na web: <http://monumentagalicia.com>. Admisión por orde de inscrición.

Máis: info@sinsalaudio.org e no teléfono 619 637 211.





5.

Escoitando as Terras de Miranda

MONDOÑEDO, LUGO
Sábado 19 de agosto 11:00 h

•PUNTO DE ENCONTRO

Praza da catedral de Mondoñedo.
Como chegar: praza da Catedral, 1, 27740, Mondoñedo.

•Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

Neste percorrido por Mondoñedo propónse unha achega á comprensión particular da vila partindo da idea de *resonancia*, fenómeno acústico que acontece cando se transmite unha vibración sonora dun corpo a outro. Esta noción serve aquí de pretexto para falar, non só do

vibrar da cidade co tanxido das súas campás, senón tamén, como metáfora, da permanencia de certos sons do pasado no presente, por exemplo: os toques dos sinos mindonienses, mantidos de xeración en xeración; da memoria musical vinculada con algúns dos seus recunchos; das calidades reverberantes dos seus edificios e prazas; ou mesmo das peculiaridades da paisaxe audible e da súa relación co contexto cultural e social no que se produce.

•MONUMENTA DIVULGA

Máis alá do valor material que encerran as rúas do centro histórico e os arredores da vila, Mondoñedo conta cun legado inmaterial de gran valor. Tanto os sons das súas campás con nome propio —Paula chámalle á maior delas, cun peso de 2.500 Kg—, tocadas ben a corda ben con volteo, como a destacada historia musical na que resoan os vilancicos barrocos compostos en galego por mestres de capela desta basílica, as melodías de Pascual Veiga, que repousa no seu cemiterio, ou os cantos de cego e os sons das zanfona forman parte desta paisaxe sonoro-cultural.

•CAMIÑANTES CONVIDADOS

Mauro Sanín é responsable de comunicación en aCentral Folque e director do Encontro Internacional Zona da Zanfona. Tamén imparte aulas de zanfona na AC Brisas do Quenllo da Pontraga (Tordoia) e no Conservatorio

Histórico de Santiago. Actualmente forma parte de varios proxectos en palco tocando a zanfona a solo, a dúo co cantor *beirão* César Prata (*Cantos de Cego da Galiza e Portugal*, 2016) ou co trío de experimentación audiovisual Ulobit (*Vikingland*, 2016), entre outros.

Valentín Insua é o campaneiro da catedral de Mondoñedo, onde subiu por primeira vez con oito anos seguindo o exemplo de seu pai e de seu tío. Desde entón, ademais de encargarse de executar manualmente os toques, mantén viva esta tradición a través da difusión da súa historia.

Xoán-Xil López é musicólogo, artista sonoro e doutor en belas artes. Ten traballado no uso da paisaxe sonora na creación artística contemporánea —estéticas sonoras e procesos culturais—. Realizou investigacións tanto no ámbito da etnomusicoloxía como no da música contemporánea.

•••A ANDAINA

Hora de saída: 11.00 h

Hora de regreso

estimada: 14.00 h

Distancia: 2-3 km

Dificultade: baixa

Itinerario: visita ao campanario e ao museo da catedral de Mondoñedo con explicación sobre os toques de campás, a súa historia, e percorrido arredor da memoria musical da vila.

Observacións: ruta urbana.

Accesos con escaleiras en todos os edificios con visita.

Necesidades específicas: calzado cómodo, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

Entrada aos monumentos: visitas aos edificios en grupos de 20 persoas acompañados dos guías dos museos. Gratuíta.

Público destinatario: actividade axeitada para todos os públicos (algúns lugares poden non ter acceso para persoas con mobilidade reducida).

Inscripción previa: prazas limitadas a 75 persoas. Imprescindible inscrición, do 10 de agosto ao 17 de agosto, na web: <http://monumentagalicia.com>. Admisión por orde de inscrición.

Máis: info@sinsalaudio.org e no teléfono 619 637 211.





6.

Pola Costa da Morte con Ruth Matilda Anderson e Manfred Gnädinger

CAMELLE, CAMARIÑAS
Domingo 20 de agosto 10:30 h

•PUNTO DE ENCONTRO

Museo de Man, en Camelle.

Como chegar: antes de chegar a Camariñas pola AC-432, na entrada da parroquia da Ponte do Porto (Camariñas), hai que coller á man dereita o desvío a Camelle pola DP-1601. Pódese aparcar no peirao.

•Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

A finais do século XIX, tres naufraxios –Iris Hull, 1883; Serpent, 1890; e Trinacria, 1893– marcaron para sempre esta parte de Galicia. Os mariñeiros ingleses bautizárona como A Costa da Morte e a prensa da época fíxose eco das súas tragedias. En contextos diferentes, e acudindo á chamada desas lendas, chegaron os nosos camiñantes. A fotógrafa americana Ruth Matilda veu a finais de 1924 e a principios de 1926, por encargo da Hispanic American Society, e documentou a realidade social do país. Pola súa parte, o artista alemán Manfred Gnädinger (*Man*) chegou a Camelle en 1962 e aquí quedou, percorrendo a Costa da Morte nunha viaxe que remataría para el corenta anos máis tarde con outro afundimento, o do petroleiro *Prestige*.

•MONUMENTA DIVULGA

Nesta andaina faremos unha viaxe no tempo pola paisaxe natural e cultural da Costa da Morte, falando das relacións entre o territorio, a poboación local e ese océano Atlántico xuíz e parte da xeografía e da memoria. En Galicia, Ruth Matilda atopou a personalidade do pobo galego nas xentes do campo, do mar e nos oficios urbanos artesanais ou de menor categoría, na liña dos fotógrafos contemporáneos norteamericanos. Pola súa parte, *Man* desenvolveu unha actividade artística que podemos encadrar dentro do concepto de Land Art, que se desenvolve en Norteamérica e en Europa ao redor dos anos sesenta.

•CAMIÑANTES CONVIDADOS

Carmen Hermo, artista plástica e profesora na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Pontevedra. Está vinculada ao Museo do Alemán-Casa de Man e á conservación das obras de *Man*.

Anxo Cabada, fotógrafo, que nos introducirá na obra de Ruth Matilda Anderson e de Ramón Caamaño.

Manuel Vilar, antropólogo con numerosos traballos sobre a microtoponimia da Costa da Morte.

Ángel Cerviño, artista plástico e comisario de exposicións.

•••A ANDAINA

Hora de saída: 10:30 h

Hora de regreso

estimada: 18:30 h

Distancia: 14 km

Dificultade: media

Itinerario: a primeira hora, faremos unha visita ao museo e á casa de Manfred Gnädinger en Camelle para, a continuación, desprazármonos en dous minibuses que nos deixarán nas proximidades do cemiterio dos Ingleses. Desde alí iniciaremos a nosa andaina percorrendo, en dirección a Camelle, un tramo da ruta litoral polos miradoiros á praia Trece e á duna do monte Branco, polo porto de Santa Mariña e Arou.

Observacións: será unha andaina longa, que transcorre, en parte, por pistas de terra e asfalto con varios

descensos e ascensos prolongados. Pararemos na metade da andaina para descansar e xantar antes de emprender a segunda parte.


Necesidades específicas: calzado cómodo, chapeu, impermeable (por se chove), auga e o xantar do mediodía.

Público destinatario: actividade axeitada para todos os públicos afeitos a realizar andainas ao redor dos 10 km.

Entrada aos monumentos e transporte: entrada do Museo do Alemán: 1 euro por persoa. Transporte en minibús: 5 euros por persoa.

Inscripción previa: prazas limitadas a 55 persoas. Imprescindible inscrición, do 10 de agosto ao 17 de agosto na web: <https://monumentagalicia.com>. Admisión por orde de inscrición.

Máis: info@sinsalaudio.org e no teléfono 619 637 211.





7.

Tras os pasos de Casto Sampedro

REDONDELA E ILLA DE SAN SIMÓN, PONTEVEDRA
Sábado 26 de agosto 17:00 h

•PUNTO DE ENCONTRO

Redondela, praza-xardíns á beira do Concello de Redondela, na avenida Redondela, nº 82. Redondela, Pontevedra.

•Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

Casto Sampedro Folgar (Redondela 1848–Pontevedra 1937) deixou un legado documental por descubrir, máis variado do que habitualmente lle é recoñecido. Ademais de compilador do magno *Cancionero musical de Galicia*

e director fundador do Museo de Pontevedra, interesouse por temas de especialidades diversas, como a historia antiga e moderna, o folclore galego (de todo tipo, non só musical), a arqueoloxía (foi un dos pioneiros no estudo da arte rupestre galaica), a heráldica, a epigrafía ou a literatura.

•MONUMENTA DIVULGA

A tradicional Redondela distingúase ben entre a mariñeira Vilavella, a rúa de Vilanova e as parroquias rurais de Reboreda e Saxamonde, por só citar as dúas máis vinculadas coa familia Sampedro-Folgar. Desde o lugar de encontro desprazáronos ata a casa natal de D. Casto (na antiga rúa do Ribeiro, agora chamada rúa de Reveriano Soutullo) para logo subirmos á veciña igrexa parroquial de Santiago de Redondela. A terceira parada será na rúa de Casto Sampedro, tamén en Vilavella; de alí, seguiremos baixando ata a ribeira do mar, onde repasaremos o labor de recollida dos saberes mariñeiros de Casto Sampedro. Xa en Cesantes, por barco, iremos á illa de San Simón, corazón do mar de Vigo cantado por Mendiño, Martín Códax e tantos outros.

•CAMIÑANTE CONVIDADO

Xavier Groba González, profesor de música no IES de Baiona e investigador, é especialista no estudo da música galega de tradición oral e popular.

M^a Xosé López e Alfonso Cheda acompañarán o percorrido coa gaita e a zanfona, interpretando

diferentes pezas musicais recollidas por Casto Sampedro, así como unha mostra das cantigas de Martín Códax xa na illa de San Simón.

•••**A ANDAINA**

Hora de saída: 17:00 h

Hora de regreso

estimada: 20:00 h

Distancia: 4 km

Dificultade: baixa

Itinerario: sairemos dos xardíns do Concello de Redondela para, a continuación, facer diferentes paradas en puntos clave na vida de Casto Sampedro, na rúa Reveiriano Soutullo, onde se sitúa a súa casa natal, a igrexa de Santiago de Vilavella de Redondela, a rúa Casto Sampedro e, despois, o porto de Cesantes. Alí, tomaremos o barco cara a San Simón, onde faremos unha visita centrada nos trobadores da ría de Vigo.

Observacións: ruta a pé e en barco. A camiñada transcorre maioritariamente por zona urbana.

Necesidades específicas: calzado cómodo, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

Prezo do barco: o barco ata a illa de San Simón ten un custo de 5 euros por billete (inclúe a volta). Barco con capacidade de 80 prazas.

Público destinatario: actividade axeitada para todos os públicos.

Inscripción previa: prazas limitadas a 80 persoas. Imprescindible inscrición, do 17 de agosto ao 24 de agosto, na web: <http://monumentagalicia.com>. Admisión por orde de inscrición.

Máis: info@sinsaludio.org e no teléfono 619 637 211.





8. Alan Lomax e os afiadores dos Peares

NOGUEIRA DE RAMUÍN,
OURENSE

Domingo 27 de agosto 10:30 h

•PUNTO DE ENCONTRO

Zona de estacionamento no acceso ao mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil.

Como chegar: desde Ourense, tomar a provincial OU-536 cara á Pobra de Trives. Ao pasar o encoro de Castadón, hai que desviarse pola OU-0507 e despois coller a OU-0508, sempre seguindo os sinais do mosteiro de Santo Estevo.

•Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

Desde o contorno monumental do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil, con primitiva fábrica románica, mais con referencias que nos remontan ao propio san Martiño de Dumio (século VI), achegarémonos á figura do afiador, un elemento referencial da etnografía popular e que ten epicentro neste concello de Nogueira de Ramuín. A relación entre a súa roda nómade e a música propiciou un rexistro histórico: a gravación que lle fixo en 1952 o musicólogo norteamericano Alan Lomax, na aldea de Faramontaos, a Xosé María Rodríguez, capador e afiador de Nogueira. Melodía que mesmo chegaría a recrear o mítico trompetista Miles Davis nun dos temas do álbum *Sketches of Spain*.

•MONUMENTA DIVULGA

Nas dependencias do museo de Santo Estevo exhibense rodas, coitelos e outros aparellos propios deste oficio. Son parte da colección de Florencio de Arboiro, un dos maiores eruditos na materia. Da súa man, descubriremos algunha das historias que protagonizaron os afiadores de Nogueira por todos os camiños e recibiremos unha clase de iniciación no *barallete*, a xerga profesional do gremio, probablemente a máis rica en vocabulario de todas as da Península Ibérica. Tamén teremos noticia do *verbo dos xingros*, a xerga profesional dos músicos de Ourense, absolutamente descoñecida noutras latitudes.

•CAMIÑANTES CONVIDADOS

Florencio de Arboiro, etnógrafo e escultor, creador da Casa das Rodas, en San Xoán de Río, onde exhibe a impresionante colección de rodas de afiar que foi adquirindo e restaurando durante máis de 30 anos.

Cristina Asenjo, profesora de música no ensino secundario e acordeonista do conxunto O Sonoro Maxín. É natural de Alongos, terra de músicos, onde aínda se mantén viva a memoria do antigo *verbo dos xingros*.

Acompañados en formato de *barriografía* ou parladoiro itinerante polo músico e escritor **Xurxo Souto**.

•••A ANDAINA

Hora de saída: 10.30 h

Hora de regreso

estimada: 14.00 h

Distancia: 5 km

Dificultade: baixa

Itinerario: saída das inmediacións do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil, na zona de aparca-

doiro de autobuses. Visita ao mosteiro e á exposición permanente de Florencio de Arboiro. Despois iniciaremos a andaina circular, percorrendo algunhas pasaxes do antigo camiño real desde Os Peares e da ruta oficial Maquino Largaño. Tamén visitaremos Paradelas e o miradoiro do Castro, para volver despois ao mosteiro.

Observacións: a ruta discorre principalmente por camiños e pistas de terra, entre arboredo, e ten varias pendentes con desnivel medio-baixo.

Necesidades específicas: calzado cómodo, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

Público destinatario: actividade axeitada para todos os públicos.

Inscripción previa: prazas limitadas a 100 persoas. Imprescindible inscrición, do 17 de agosto ao 24 de agosto, na web: <http://monumentagalicia.com>. Admisión por orde de inscrición.

Máis: info@sinsalaudio.org e no teléfono 619 637 211.



galicia

